

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021469	CIFP Leixa	Ferrol	2025/2026

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CMSAN01	Emerxencias sanitarias	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0060	Teleemerxencias	2025/2026	0	80	0

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	JOSÉ LUIS SUÁREZ IGLESIAS
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

## 2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

### 2.1. Primeira parte da proba

#### 2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Utiliza sistemas xestores de despacho de centros coordinadores de emerxencia, e identifica as funcións e os elementos do sistema.
RA2 - Establece a comunicación nun sistema de transmisión integrado, e describe os elementos do proceso de comunicación interpersonal.
RA3 - Recibe demandas de emerxencia empregando o proceso de recepción protocolizado.
RA4 - Valora a demanda de asistencia sanitaria e describe os protocolos de actuación.

#### 2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Descríbense os obxectivos dun centro coordinador de emerxencias.
CA1.2 Enumeráronse os elementos que compoñen un centro de coordinación.
CA1.3 Clasifícanse os tipos de recursos de que dispón unha central de coordinación.
CA1.4 Analizáronse e valoráronse as características específicas e as diferenzas dun centro de regulación integrado (112) e dun centro de regulación médica (061).
CA1.5 Defínense as funcións e os elementos dun sistema de despacho para xestión de centros coordinadores de emerxencias.
CA1.6 Identifícanse as plataformas tecnolóxicas existentes.
CA1.9 Valoráronse as advertencias do sistema recibidas e actuouse en consecuencia.
CA2.1 Descríbense as canles de comunicación.

<b>Crterios de avaliación do currículo</b>
CA2.2 Descríbóronse as barreiras que dificultan o proceso de comunicación en radiocomunicación e transmisión radiofónica.
CA2.3 Clasifícanse os medios de transmisión atendendo ás súas características.
CA2.4 Descríbóronse os tipos de onda e os elementos dunha estación de radio.
CA2.5 Defíníuse a linguaxe radiofónica e a comunicación verbal e paraverbal, a través de medios non presenciais.
CA2.6 Utilízóronse técnicas de recepción de mensaxes orais, de comunicación e de interrogatorio.
CA3.1 Descríbóronse os procedementos de actuación inicial no proceso de recepción de chamadas.
CA3.2 Descríbiuse a estrutura e os campos dun formulario informático de demanda.
CA3.5 Xerouse unha demanda de emerxencia seguindo o algoritmo do sistema xestor.
CA3.7 Clasifícanse os tipos de demanda de emerxencias consonte un algoritmo de decisións.
CA3.8 Formalizáronse os formularios de xestión de demanda de emerxencias empregando as TIC.
CA4.1 Categorizouse a demanda asistencial, segundo o protocolo do sistema.
CA4.2 Formalizouse o formulario correspondente no sistema xestor.
CA4.7 Verificouse a formalización do formulario informático no sistema xestor ao remate da asistencia.

## **2.2. Segunda parte da proba**

### **2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

<b>Resultados de aprendizaxe do currículo</b>
RA1 - Utiliza sistemas xestores de despacho de centros coordinadores de emerxencia, e identifica as funcións e os elementos do sistema.
RA2 - Establece a comunicación nun sistema de transmisión integrado, e describe os elementos do proceso de comunicación interpersonal.

**Resultados de aprendizaxe do currículo**

RA3 - Recibe demandas de emerxencia empregando o proceso de recepción protocolizado.

RA4 - Valora a demanda de asistencia sanitaria e describe os protocolos de actuación.

**2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado****Criterios de avaliación do currículo**

CA1.7 Manexouse o sistema de despacho do centro coordinador segundo protocolos establecidos.

CA1.8 Realizáronse a conexión, a comprobación das comunicacións entre postos e a saída do sistema.

CA2.7 Estableceuse comunicación a través da radio empregando de forma adecuada a linguaxe e as normas de comunicación.

CA2.8 Establecéronse comunicacións a través dun sistema de transmisión integrado.

CA2.9 Arranxáronse problemas básicos xurdidos nun sistema de transmisión.

CA2.10 Fíxose o mantemento e actualizáronse os elementos de apoio informativo da central de comunicacións.

CA3.3 Identifica os datos inaprazables da persoa usuaria da demanda segundo o protocolo establecido.

CA3.4 Identificáronse os demais datos relativos á localización do suceso: identificación da persoa que alerta, riscos engadidos, etc.

CA3.6 Localizouse o enderezo da demanda utilizando os sistemas cartográficos.

CA3.9 Categorizáronse as demandas e establecéronse as prioridades seguindo o algoritmo establecido.

CA3.10 Comprobase que o sistema xestor reconduza a demanda segundo o protocolo establecido.

CA4.3 Descríbíronse os tipos de resposta con necesidade de mobilización de recursos ou sen ela.

**Crterios de avaliación do currículo**

CA4.4 Transferíuselle a escoita e a demanda ao persoal facultativo do centro coordinador que corresponda.

CA4.5 Identificouse o recurso asistencial máis adecuado para dar resposta á demanda sanitaria.

CA4.6 Realizouse o seguimento do caso ata a súa resolución segundo o algoritmo de actuación.

**3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

Mínimos exixibles:

- Describíronse os obxectivos dun centro coordinador de emerxencias.
- Enumeráronse os elementos que compoñen un centro de coordinación.
- Clasificáronse os tipos de recursos de que dispón unha central de coordinación.
- Analizáronse e valoráronse as características específicas e as diferenzas dun centro de regulación integrado (112) e dun centro de regulación médica (061).
- Definíronse as funcións e os elementos dun sistema de despacho para xestión de centros coordinadores de emerxencias.
- Identificáronse as plataformas tecnolóxicas existentes.
- Valoráronse as advertencias do sistema recibidas e actuouse en consecuencia.
- Describíronse as canles de comunicación.
- Describíronse as barreiras que dificultan o proceso de comunicación en radiocomunicación e transmisión radiofónica.
- Clasificáronse os medios de transmisión atendendo ás súas características.
- Describíronse os tipos de onda e os elementos dunha estación de radio.
- Definiuse a linguaxe radiofónica e a comunicación verbal e paraverbal, a través de medios non presenciais.
- Utilizáronse técnicas de recepción de mensaxes orais, de comunicación e de interrogatorio.
- Estableceuse comunicación a través da radio empregando de forma adecuada a linguaxe e as normas de comunicación. Os distintos tipos de códigos empregados en radiocomunicación. Xeolocalización e sistemas de posicionamento.
- Fíxose o mantemento e actualizáronse os elementos de apoio informativo da central de comunicacións.
- Describíronse os procedementos de actuación inicial no proceso de recepción de chamadas.
- Describiuse a estrutura e os campos dun formulario informático de demanda.

- Identifica os datos inaprazables da persoa usuaria da demanda segundo o protocolo establecido.
- Identifícanse os demais datos relativos á localización do suceso: identificación da persoa que alerta, riscos engadidos, etc.
- Xerouse unha demanda de emerxencia seguindo o algoritmo do sistema xestor.
- Localizouse o enderezo da demanda utilizando os sistemas cartográficos.
- Clasificáronse os tipos de demanda de emerxencias consonte un algoritmo de decisións.
- Formalizáronse os formularios de xestión de demanda de emerxencias empregando as TIC.
- Categorizáronse as demandas e establecéronse as prioridades seguindo o algoritmo establecido.
- Comprobouse que o sistema xestor reconduza a demanda segundo o protocolo establecido.
- Categorizouse a demanda asistencial, segundo o protocolo do sistema.
- Formalizouse o formulario correspondente no sistema xestor.
- Describíronse os tipos de resposta con necesidade de mobilización de recursos ou sen ela.
- Identificouse o recurso asistencial máis adecuado para dar resposta á demanda sanitaria. Priorización das demandas.
- Realizouse o seguimento do caso ata a súa resolución segundo o algoritmo de actuación.
- Verificouse a formalización do formulario informático no sistema xestor ao remate da asistencia. Programas informáticos e de apoio para a xestión de respostas.
- Describíuse a codificación diagnóstica no proceso de atención e xestión de emerxencias sanitarias, a clasificación internacional de enfermidades e de atención primaria e ss enfermidades de declaración obligatoria e notificación das mesmas.
- Describíronse conceptos en relación á Telesalud, á Teleasistencia e á telemedicina.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Respecto dos criterios de cualificación seguiranse os seguintes, tendo en conta o artigo 14, sobre avaliación e cualificación final das probas libres da ORDE do 5 de abril de 2013. A proba organizarase en dúas partes unha teórica e outra práctica, que permitan evidenciar, baseándose nos criterios de avaliación correspondentes, se a persoa aspirante alcanzou os resultados de aprendizaxe establecidos para o módulo profesional.

a) Primeira parte. Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Esta será cualificada de cero a dez puntos, cun máximo de dous decimais. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

b) Segunda parte. As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento de un ou de varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Esta será cualificada de cero a dez puntos, cun máximo de dous decimais. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.

Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional as persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, se cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

Cualificación final: A cualificación final correspondente da proba de cada módulo profesional será numérica, entre un e dez, sen decimais. Obterase mediante da media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

#### 4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

##### 4.a) Primeira parte da proba

Consistirá nunha proba escrita de preguntas -tipo test e/ou resposta curta-, que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos no apartado 2.b. Cada pregunta test mal contestada restará 0,33 puntos. As preguntas non contestadas non puntuarán negativamente. A pregunta ben contestada suma 1 punto. De haber preguntas cortas, estas sumarán 1 punto as correctas e non descontan negativamente as non contestadas ou as incorrectas.

A proba puntuarase de 0 a 10 e requirirase dun mínimo de 5 puntos para superala.

Instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento:

-Bolígrafo azul ou negro (non se permitirá o uso de correctores como goma de borrar, tippex)

Duración da proba:

-A duración da proba teórica será máximo de 2h.

Normas:

- Non se permitirá o acceso a aula unha vez comezada a proba.
- Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte, que deberá esta dispoñible enriba da mesa durante todo o exame.

- A ubicación durante a proba a determinarás o examinador/a á chegada dos aspirantes.
- Non se permitirán acceso con bolsos, roupa e carpetas, que se deixarán na entrada da aula.
- Non se permitirá o uso de móbiles ou calquera outro dispositivo electrónico.
- Queda prohibido sacar o exame da aula.
- Dende o inicio ata o final se debe permanecer en silencio.

#### 4.b) Segunda parte da proba

##### MATERIAL PARA PROBA:

- Bolígrafo azul ou negro.
- Non está permitido o uso do lapis para marcar as respostas. Tampouco se permitirá o uso de correctores (goma de borrar, tip-pex)

##### CARACTERÍSTICAS DA PROBA:

Consistirá en:

Un ou varios casos prácticos. O caso /casos integrará varios criterios de avaliación establecidos no apartado 2.b.-Os criterios de puntuación serán os mesmos que nos da primeira proba.

- A duración da proba práctica será dun máximo de 2 horas.

##### Normas:

- Non se permitirá o acceso a aula unha vez comezada a proba.
- Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte, que deberá estar dispoñible enriba da mesa durante todo o exame.
- A ubicación durante a proba a determinarás o examinador/a á chegada dos aspirantes.
- Non se permitirán acceso con bolsos, roupa e carpetas, que se deixarán na entrada da aula.
- Non se permitirá o uso de móbiles ou calquera outro dispositivo electrónico.
- Queda prohibido sacar o exame da aula.
- Dende o inicio ata o final se debe permanecer en silencio.